

COPPERMINE

Coppermine é unha aplicación web que permite xestionar de forma sinxela unha galería de imaxes e vídeos para o noso centro

Permítenos:

- Agrupar imaxes en álbumes .
- Agrupar álbumes en categorías e subcategorías.
- Restricións no acceso aos álbumes (públicos ou privados).
- Rexistro das visualizacións de cada imaxe/vídeo.
- Posibilidade de realizar valoracións (votacións) e comentarios de cada unha das imaxes ou vídeos.
- Posibilidade de crear coleccións de imaxes favoritas para cada usuario.

Podedes acceder ao curso de Webs dinámicas para máis contido no seguinte enlace:

<https://centros.edu.xunta.gal/websdinamicas/aulavirtual/course/view.php?id=50>

ACCESO

1. A través do enlace <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesastelleiras/galeria/>
2. A través da pestana existente na páxina principal da WEB do centro




APARIENCIA

A interface variará dependendo de se accedemos coma usuarios convidados ou coma usuario autenticado, no último caso tamén dependerá do rol de usuario que inicie a sesión.

- **Inicio:** hipervínculo á páxina principal.
- **Entrar:** iniciar sesión en Coppermine cun nome de usuario e contrasinal. Non ten por que coincidir co correo institucional e contrasinal.
- **Web:** enlaza coa páxina web principal do centro.



- **Álbums:** listaxe de álbums públicos da galería. Pasando o rato por encima, aparecen as opcións : últimas subidas, últimos comentarios, o máis visto, o mellor puntuado e os meus favoritos.
- **Buscar:** permite buscar imaxes na galería.



Buscar

Busca ficheiros:

Título
 Idade:

Etiqueta
 Máis novo que días

Palabras chave
 Máis vello do que días

Nome

Propietario

Enderezo IP

Busca álbums e categorías:

Títulos do álbum

Títulos da categoría

1.- INICIO DA SESIÓN

Unha vez estamos rexistrados, faremos click en **ENTRAR**, e despregase unha fiestra onde introducir o usuario e contrasinal.

Podemos activar a opción “**lémbreme**” para non introducirlo de novo cando desexemos acceder á aplicación (*ollo , non facelo nunca nun equipo que empreguen varias persoas*)

A opción “**esquecín o meu contrasinal**” , con esta opción o sistema pedirá a nosa dirección do correo corporativo, que nos identificará na base de datos da aplicación, entón esta enviará un correo co novo contrasinal.

USUARIO- ADMINISTRADOR-



USUARIO- NON ADMINISTRADOR-



OPCIÓNS COMÚNS:

- **A miña galería:** permite ver a galería persoal do usuario.

- **Amosar/Ocultar controis de administrador:** Permite alternar a visualización da navegación como administradores da plataforma ou como usuarios rexistrados da nosa galería.
- **Subir ficheiro:** Permite subir imaxes e vídeos a un álbum da nosa galería.
- **Saír[nome_usuario]:** Permite pechar a sesión de Coppermine.
- **O meu perfil:** Permite ver o perfil do usuario.


2.- GRUPOS- ROLES- PERMISOS

O mesmo que en Drupal, Coppermine xestiona os usuarios de xeito semellante; todos os usuarios deben pertencer a un grupo/rol, o que define o que cada usuario pode ou non pode facer.

Por defecto hai **3 roles**:

- **Administradores:** teñen o control total sobre a plataforma.
 - Cuota ilimitada
 - Pode subir ficheiros , imaxes e albums públicos sen aprobación.
 - Ten galería persoal
 - Poden facer comentarios
- **Usuarios rexistrados:** permisos máis limitados
 - Cuota limitada
 - Poden subir imaxes,ficheiros a álbums públicos **con aprobación**.
 - Teñen galería persoal
 - Poden facer comentarios
- **Convidados:** do poden visualizar
 - Non teñen cuota
 - Non poden subir ficheiros
 - Non teñen galería persoal
 - Non poden facer comentarios

Os permisos de cada usuario poden verse no menú **Usuarios-Grupos**




grupo	Permisos	Subida de álbums públicos	Galería persoal	Nivel de acceso
Administrators Cuota: 0 KIB álbum asignado(s)	Clasificación <input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non Tarxetas electrónicas <input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non comentarios <input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non	Permitido <input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non Aprobación <input type="radio"/> Si <input checked="" type="radio"/> Non	Permitido <input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non Aprobación <input type="radio"/> Si <input checked="" type="radio"/> Non	<input type="radio"/> ninguén <input type="radio"/> So miniatura <input type="radio"/> miniatura e imaxe intermedia <input checked="" type="radio"/> imaxe en miniatura intermedia e de tamaño completo
Registered Cuota: 1024 KIB álbum asignado(s)	Clasificación <input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non Tarxetas electrónicas <input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non comentarios <input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non	Permitido <input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non Aprobación <input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non	Permitido <input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non Aprobación <input type="radio"/> Si <input checked="" type="radio"/> Non	<input type="radio"/> ninguén <input type="radio"/> So miniatura <input type="radio"/> miniatura e imaxe intermedia <input checked="" type="radio"/> imaxe en miniatura intermedia e de tamaño completo
Guests Cuota: 0 KIB álbum asignado(s)	Clasificación <input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non Tarxetas electrónicas <input type="radio"/> Si <input checked="" type="radio"/> Non comentarios <input type="radio"/> Si <input checked="" type="radio"/> Non	Permitido <input type="radio"/> Si <input checked="" type="radio"/> Non Aprobación <input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non	Permitido <input type="radio"/> Si <input checked="" type="radio"/> Non Aprobación <input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non	<input type="radio"/> ninguén <input type="radio"/> So miniatura <input type="radio"/> miniatura e imaxe intermedia <input checked="" type="radio"/> imaxe en miniatura intermedia e de tamaño completo

Por defecto webs dinámicas ten creados dous usuarios; Admin e webmaster

admin			Administrators	feb 09, 2010	set 19, 2011
webmaster			Administrators	nov 04, 2009	abr 10, 2026

2.1.- ENGADIR NOVOS USUARIOS

Para crear un novo usuario, os /as administradoras podern facer clic en : **Usuarios**, e abaixo de todo **“Crear novo usuario”** e aparecerá a seguinte fiestra:



The screenshot shows a web form titled "Crear novo usuario". It contains several input fields and options:


- Nome de usuario:** A text input field.
- Contrasinal:** A text input field.
- O usuario está activo:** Radio buttons for "Si" (selected) and "Non".
- Grupo do usuario:** A dropdown menu with "Registered" selected, and checkboxes for "Administrators" and "Registered".
- Permisos de álbum por gupo:** A button with a question mark icon.
- Email do usuario:** A text input field.
- Location:** A text input field.
- Interests:** A text input field.
- Website:** A text input field.
- Occupation:** A text input field.
- Biography:** A large text area.
- Enviar información de acceso a este usuario (O contrasinal enviarase por email):** A checkbox.
- Enviar:** A green button with a checkmark icon.

- No desplegable “grupo de usuario” seleccionaremos o grupo ao que desexamos que pertenza.
- O nome de usuario e contrasinal, non é necesario que coincidan cos do correo corporativo, pero si recomendable, para non esquecerlos.
- Este contrasinal non cambia cada 3 meses.
- Podemos EDITAR un usuario xa creado; cambiarlle o contrasinal, o rol....
- Cando demos de alta un novo usuario, enviaremos a información de acceso ao correo.

2.2.- O MEU PERFIL

Premendo sobre a icona de Usuarios- o meu perfil veremos unha fiestra cos nosos datos.

Nesta fiestra podemos **cambiar o noso contrasinal**, ademais de outros datos complementarios.



Perfil de reyesmontero


Nome de usuario	reyesmontero
Estado	activo
Unido	abr 10, 2026
Grupo	Administrators (Registered)
Correo electrónico	reyesmv@edu.xunta.gal
Location	
Interests	
Website	
Occupation	
Biography	
Uso do disco	15.69 MiB
ficheiros subidos	63
Último comentario	ningún
Último ficheiro subido	

Cambiar o meu contrasinal

Contrasinal actual	<input type="text"/>
Novo contrasinal	<input type="text"/>
Novo contrasinal de novo	<input type="text"/>

No caso de usuarios rexistrados non administradores, na icona "o meu perfil" aparecen as seguintes opcións:

- Crear e ordenar os os meus álbums
- Modificar os álbums



- Ordear as miñas imaxes

3.- COMO ORGANIZAR A GALERÍA


3.1.- CREACIÓN DE CATEGORÍAS (so administradores)

As categorías permitenos organizar a galería, e agrupara os diferentes álbums.

Os administradores poden :

- crear novas categorías e sub-categorías.
- Administrar as categorías existentes.
- Cambiar un álbum dunha categoría a outra.


Por defecto xa hai creada unha **CATEGORÍA PRINCIPAL OU RAÍZ** para cada centro.



Tamén existe unha categoría **por defecto** que son as “**galerías de usuarios**” que conteñen as galerías persoais dos usuarios.

Para crear unha categoría imos ao menú **Ficheiros-Categorías** escribimos o nome no campo “**título da categoría**” e unha breve descripción. Un exemplo de categoría sería cada curso escolar , “**Curso 2025-26**”

Tamén se poden crear -subcategorías- , por exemplo Polos Creativos / Formación profesorado/ Actividades complementarias / Conmemoracións....



Operacións	Entrar
[Icons]	* Ningunha categoría * v
[Icons]	CURSO 2025-26 v
[Icons]	CURSO 2025-26 v
[Icons]	CURSO 2025-26 v
[Icons]	CURSO 2025-26 v
[Icons]	CURSO 2025-26 v
[Icons]	* Ningunha categoría * v
[Icons]	* Ningunha categoría * v
[Icons]	* Ningunha categoría * v
[Icons]	Curso 2011-12 v
[Icons]	Curso 2011-12 v
[Icons]	Curso 2011-12 v
[Icons]	Curso 2011-12 v
[Icons]	Curso 2011-12 v
[Icons]	Curso 2011-12 v
[Icons]	* Ningunha categoría * v

As categorías creadas amósanse na pantalla a medida que se vaian xerando, dende a columna operacións, podemos:

- ordenar categorías
- borrar categorías
- Editar a información das categorías
- Reubicar categorías dentro doutras

A imaxe da dereita corresponde ás operacións que pode facer o administrador sobre as categorías.

3.2.- CREACIÓN DE ÁLBUMS (administradores e usuarios rexistrados)

Un álbum permite agrupar imaxes e videos que garden unha certa relación (magosto, Entroido,...)

- A categoría, permite agrupar álbums de temáticas semellantes (cursos académicos)
- **Os administradores poden crear álbums en calquera categoría.**
- Os usuarios rexistrados, so poden crear álbums na categoría persoal “ a miña galería”, esta categoría créase de xeito automático ao crear a conta do usuario.
- A maiores, os administradores poden dar permiso a outros usuarios rexistrados, para que poidan crear álbums noutras categorías.(facendo click en “Registered”)



Actualizar/Crear categoría ?

Categoría principal CURSO 2025-26

Grupo(s) autorizado para crear álbums nesta categoría ? Registered

Título da categoría Viaxes/saídas de varios días

Descrición da categoría ? Nesta categoría agruparemos as imaxes e videos de saídas escolares de varios días, con pernocta fora do centro

3.2.1.-Crear un álbum como administrador

Para crear un álbum hai que premer na opción **Ficheiros-Albums**

- Seleccionar a categoría á que vai pertencer o álbum
- Se escollemos “ningunha categoría” creará o álbum na categoría “raíz” ou principal da galería.



- A opción “a miña galería” refírese á galería persoal de cada usuario.




Unha vez creados os álbumes;

- Podemos ordenalos arrastrando a icona das frechas.
- Engadir ficheiros nos álbumes .
- Tamén se poden subir ficheiros dende a opción “subir Ficheiro”



3.2.2.- PROPIEDADES DO ÁLBUM. PÚBLICO OU PRIVADO



Unha vez seleccionado un álbum, se facemos click nas propiedades despregarase a seguinte fiestra, onde se pode modificar a configuración do álbum.

- Cambiar o nome do álbum.
- **Clave do álbum:** permite especificar unha “palabra clave” para engadir nese álbum imaxes doutros álbumes que sexan etiquetados coa mesma clave. Deste xeito , se desexamos que unha mesma imaxe se vexa en dous álbums diferentes, so é preciso subila unha vez.
- Permisos: o álbum será público se está seleccionada esa opción.
- Se marcamos “protexer con contrasinal” Si, o álbum convírtese en privado, e os outros usuarios poderán acceder ao contido se coñecen o contrasinal.
- Acceso restrinxido:
 - “so eu”.
 - so administradores.
 - so registered.
- A opción “visitantes poden subir ficheiros” da permiso para subir imaxes a un mesmo álbum.

Propiedades do álbum - Actualizar álbum

Tarefas relacionadas

Elixe álbum

Viaxe á neve 2026

Configuración xeral

Título do Álbum

Viaxe á neve 2026

Categoría do álbum

Viaxes/saídas de varios días

Descrición do álbum

Clave do álbum

reyesmv

Miniatura do álbum

O álbum está baleiro

Permisos para este álbum

O álbum pode ser visto por

Todos (álbum público)

Protexer con contrasinal este álbum (Clic si)

Non

Visitantes poden subir ficheiros *

Non

Visitantes poden enviar comentarios *

Si

Visitantes poden valorar ficheiros *

Si

(*) dependendo da configuración dos grupos

Actualizar álbum

Propiedades do álbum - Resetear álbum

0 vistas

Resetear contador de vistas a "0" en "Viaxe á neve 2026"

0 votos

Resetear valoracións de todos os ficheiros en "Viaxe á neve 2026"

0 comentarios

Borrar todos os comentarios feitos en "Viaxe á neve 2026"

0 ficheiros

Irreversiblemente borrar todos os ficheiros en "Viaxe á neve 2026"


Aceptar cambios

Estou seguro

3.2.3.- CREAR UN ALBUM COMO USUARIOS REXISTRADOS


Os usuarios rexistrados, so poden crar álbumes na súa propia categoría persoal “ a miña galería” ou naquelas outras, que o administrador habilitara o permiso.

O meu perfil- Crear- ordenar os meus álbums



Premendo en “novo álbum” especificamos o nome do álbum e prememos en **OK**

Nesta imaxe aparece “a miña galería” e ademáis **outro álbum** ao que o administrador deu permisos de acceso a usuarios rexistrados.



Unha vez creado o álbum, seleccionámolo e imos a opción “**propiedades**” e aparece a seguinte fiestra:



Tarefas relacionadas	
Elixe álbum	Album de Reyes
Configuración xeral	
Título do Álbum	Album de Reyes
Categoría do álbum	Usar Galería
Descrición do álbum	
Clave do álbum	reyesmv
Miniatura do álbum	O álbum está baleiro
Permisos para este álbum	
O álbum pode ser visto por	Todos (álbum público)
Protexer con contrasinal este álbum (Clic si)	<input type="checkbox"/>
Visitantes poden enviar comentarios *	<input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non
Visitantes poden valorar ficheiros *	<input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non
(*) dependendo da configuración dos grupos	
<input type="button" value="Actualizar álbum"/>	

Aquí podemos:

- Cambiar o nome do álbum.
- Cambiar a categoría do que depende.
- Especificar unha clave
- Poñer o álbum público ou privado.
- Protexer con contrasinal
- Poñer acceso restrinxido

3.3.- SUBIR IMAXES E VIDEOS (administradores e usuarios rexistrados).

Unha vez creados os álbums xa podemos engadir imaxes e videos.

1. Prememos en “subir ficheiro”
2. Seleccionamos o álbums
3. Especificamos os ficheiros que imos subir (podemos subir varios á vez) , mediante “examinar” ou “arrastrando sobre a caixa”



Subir ficheiros ?

O tamaño de ficheiro máximo é 1 MiB

Álbum: Album de Reyes

Utiliza o nome de ficheiro como título:

Palabras chave (separar con espazo):
 Insertar desde lista

Elegir arquivos Ningún arquivo seleccionado Auto-orientación de imaxe(s)

Ficheiros: Ou arrastre os ficheiros aquí

Cola de ficheiros: 0

Unha vez subidas ás imaxes, aparece unha fiestra (editar o álbum) onde podemos:

- poñer o título e descrición de cada imaxe
- Palabras clave /etiquetas
- borrar
- Resetear contador de visitas e vootos.
- Borrar comentarios
- Aprobar ficheiros, se o álbum é compartido.

Editar ficheiro ?

1 files - Número de ficheiros a mostrar: 25 - Propiedades do álbum - Categoría pa - Vista de miniatura

Marcar/Desmarcar todo:

Aplicar cambios

Nome: http://www.edu.xunta.gal/centros/cpiatios/galeria/albums/cpiatios/userpics/10013/IMG_9651.JPG

Ficheiro info: 1200 x 900 - 401 KB - 0 vistas - 0 votos

Álbum: Album de Reyes

Título: Proxecto 4º ESO Fabián e Martín

Descrición: Maqueta dunha casa con sensores

Palabras chave (separar con espazo):
 Insertar desde lista

Aplicar cambios

Converter no meu icono

Se prememos no botón INICIO accedemos á páxina principal, onde se poden visualizar as imaxes subidas a cada álbum.

“Para poder subir un ficheiro é necesario ter creado polo menos un álbum. De non facelo así amosarase a unha mensaxe de erro”

3.4.- VISUALIZAR IMAXES E VIDEOS


Premendo sobre o nome dunh dos álbumes, veráanse os ficheiros de imaxes e / ou video que conteña.

Seleccionando unha das imaxes , esta veráse ampliada de acordo ao establecido na configuración xeral de Coppermine.

Premendo nos **cursores** podemos visualizar unha a unha as imaxes do álbum.



Se **seleccionamos** o “pase automático” iniciará unha transición dun tempo establecido na configuración xeral de Coppermine.

FICHEIRO 5/5

Nome=IMG_9099.JPG
Tamaño=364KiB
Dimensions=1536x2048
Fecha agregada=abr 21, 2026

Puntuar este ficheiro (Aínda non votado)

Volver atrás a puntuación desta imaxe

Engadir o teu comentario ?

Comentario

Confirmación ?

Este tempo de transición pode configuralo o Administrador dende **Menú Configuración - Vista de imaxes- intervalo de presentación de diapositivas.**

4.- GUÍA RÁPIDA – SO ADMINISTRADORES-

4.1.-CAMBIAR O NOME DA GALERÍA

A galería de imaxes de cada centro está identificada na barra superior do menú, á dereita.

CPI de Atios

Galería de imaxes

Se desexamos cambiar os textos que aparecen por defecto , iremos ao menú **Configuración - Configuración Xeral**.

Configuración xeral	
Nome da galería	CPI de Atios
Descrición da galería	Galería de imaxes
URL da carpeta da túa galería Coppermine (con barra oblíqua ao final, sen 'index.php' ou similar)	http://www.edu.xunta.gal/centros/cpiatios/galeria/
URL da páxina de inicio	index.php
Permitir descarga de favoritos en formato ZIP	<input checked="" type="radio"/> Non <input type="radio"/> Si: só os favoritos <input type="radio"/> Si: os favoritos e o ficheiro readme
Diferencia de zona horaria relativa á GMT	0 (hora actual: abr 23, 2026 at 11:47 AM)
Activar iconas de axuda (axuda parcialmente dispoñible só en inglés)	<input type="radio"/> Non <input checked="" type="radio"/> Si: Todo o mundo <input type="radio"/> Si: Só o Admin
Permitir facer clic nos termos ba busca	<input checked="" type="checkbox"/> (Xestión de palabras clave)
Separador de palabras clave	espazo (Convertir separador de palabras clave) Non cambies isto a non ser que REALMENTE saibas o que estás a facer!
Activar plugins	<input checked="" type="checkbox"/> (Xestión de plugins)
Engadir botón ao lado do despregable dos álbums que permita amosar só álbums baleiros	<input checked="" type="radio"/> Non <input type="radio"/> Si: Todo o mundo <input type="radio"/> Si: Só o Admin
Interfaz de subida por lotes explorable	<input checked="" type="checkbox"/>
Esconder ficheiros xa engadidos na interface de subida por lotes	<input type="checkbox"/>
Concorrenza de procesado para a interface de subida por lotes	2
Amosar previsualizacións en miniatura na interface de subida por lotes	<input checked="" type="checkbox"/>
Período de duración do token do formulario	900 Segundos

4.2.-CAMBIAR O TEMA

Se desexamos cambiar a aparencia /aspecto da galería, hai 5 temas dispoñibles, decirvos que o “curve” baixo a miña opinión é o máis equilibrado e claro.



Configuración da galería - Coppermine Photo Gallery 1.6.07 (stable)

Expandir Todo Cambiar Todo

Configuración xeral

Idioma & xogo de caracteres

Configuración do tema

Tema

Barra lateral para usuarios rexistrados

Barra lateral para invitados

curve

curve

eyeball

hardwired

rainy_day

water_drop

4.3.-CAMBIAR O INTERVALO DE PRESENTACIÓNS

Vista de imaxes		
Anchura da táboa para visualización de ficheiros	600	(píxeles ou %)
A información dos ficheiros é visible por defecto	<input type="checkbox"/>	
Amosar enlace de descarga de película na área de información do ficheiro	<input checked="" type="checkbox"/>	
Lonxitude máxima da descrición das imaxes	512	
Amosar tira de película	<input checked="" type="checkbox"/>	
Número de elementos na tira de película	5	
Intervalo da presentación de diapositivas	5000	milisegundos (1 segundo = 1000 milisegundos)
Ter en conta as visitas á presentación de diapositivas	<input checked="" type="checkbox"/>	
Amosar captcha (confirmación visual) para enviar ecards	<input type="radio"/> Non <input checked="" type="radio"/> Si: Todo o mundo <input type="radio"/> Si: Só invitados	
Permitir Flash en Ecards	<input type="checkbox"/> (non recomendado)	
Insertar unha capa transparente para minimizar o roubo de imaxes	<input type="checkbox"/>	
Voltar ao sistema de valoración antigo	<input type="checkbox"/> (Isto deactiva a opción 'Número de estrelas de valoración a empregar')	
Número de estrelas de valoración a empregar ao votar	5	
Recheo horizontal para a ventana emerxente a tamaño completo	5	píxeles
Recheo vertical para a ventana emerxente a tamaño completo	3	píxeles

4.4.-Solucionar problemas de subida de ficheiros

A configuración por defecto de Coppermine establece uns parámetros de configuración para os diferentes tipos de arquivos que se poden subir á galería.

Poden aparecer **mensaxes de erro** asociadas ao incumprimento dalgún dos criterios establecidos por defecto e con carácter xeral no momento de subir ficheiros semellantes ós seguintes:

Configuración de ficheiros	
Calidade dos ficheiros JPEG	80 %
Crear imaxes intermedias	<input checked="" type="checkbox"/>
Usar dimensión (anchura e altura ou aspecto máximos das miniaturas)*	Como a miniatura
Anchura ou altura máxima da imaxe intermedia *	400 píxeles
Tamaño máximo dos ficheiros subidos	1 MiB
Anchura ou altura máxima dos ficheiros subidos	2048 píxeles
Redimensionar automaticamente as imaxes que excedan a anchura ou altura máximas	<input type="radio"/> Non <input checked="" type="radio"/> Si: Todo o mundo <input type="radio"/> Si: S
Caracteres prohibidos en nomes de ficheiro	\$\:\:*?<> ' &#@
Activar "modo seguro tonto"	<input type="checkbox"/>
Tipos de imaxe permitidos	jpeg/jpg/png/gif
Tipos de películas permitidos	asf/asx/mpg/mpeg/wmv/swf/avi/mov/mp4
Reprodución automática de películas	<input type="checkbox"/>
Tipos de audio permitidos	mp3/midi/mid/wma/wav/ogg
Tipos de documento permitidos	doc/txt/rtf/pdf/xls/pps/ppt/zip/gz/mdb
Método de redimensionado de imaxes	GD version 2.x

- Erros asociados ao tamaño dos arquivos: **Tamaño máximo dos ficheiros subidos (por defecto 1MB)**
- Erros asociados ás dimensións dos arquivos: **ancho/alto por defecto 2048 píxeles**
- Erros asociados ao tipo de arquivos:
 - **Tipos de imaxe permitidos** por defecto (jpeg, jpg, png, gif)
 - **Tipos de películas permitidos:** mpeg, wmv, avi, mov, swf, mp4
 - **Tipos de audio permitidos:** mp3, midi, mid, wma, logg
 - **Tipos de documento permitidos:** doc, txt, pdf, rtf, xls, pps , ppt, zip, ...

Se nalgún momento resulta necesario pódese cambiar a configuración como usuarios administradores no menú **Configuración--> Configuración de ficheiros**

4.5.--Ampliar cota de almacenamiento

Os usuarios de Coppermine pertencentes ao grupo "**Registered**" teñen unha "**cuota de usuario limitada**."

Para ampliar a cuota de almacenamiento para este tipo de usuarios, o usuario **administrador** pofr facelo, premendo no menú **Usuarios--> Grupos**: establecer o novo valor en KB.



grupo	Permisos	Subida de álbums públicos	Galería persoal
Administrators Cuota: 0 KIB álbum asignado(s)	Clasificación <input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non Tarxetas electrónicas <input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non comentarios <input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non	Permitido <input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non Aprobación <input type="radio"/> Si <input checked="" type="radio"/> Non	Permitido <input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non Aprobación <input type="radio"/> Si <input checked="" type="radio"/> Non <input type="radio"/> ninguén <input type="radio"/> So miniatura <input type="radio"/> miniatura e <input checked="" type="radio"/> imaxe en n
Registered Cuota: 1024 KIB álbum asignado(s)	Clasificación <input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non Tarxetas electrónicas <input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non comentarios <input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non	Permitido <input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non Aprobación <input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non	Permitido <input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non Aprobación <input type="radio"/> Si <input checked="" type="radio"/> Non <input type="radio"/> ninguén <input type="radio"/> So miniatura <input type="radio"/> miniatura e <input checked="" type="radio"/> imaxe en n
Guests Cuota: 0 KIB álbum asignado(s)	Clasificación <input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non Tarxetas electrónicas <input type="radio"/> Si <input checked="" type="radio"/> Non comentarios <input type="radio"/> Si <input checked="" type="radio"/> Non	Permitido <input type="radio"/> Si <input checked="" type="radio"/> Non Aprobación <input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non	Permitido <input type="radio"/> Si <input checked="" type="radio"/> Non Aprobación <input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non <input type="radio"/> ninguén <input type="radio"/> So miniatura <input type="radio"/> miniatura e <input checked="" type="radio"/> imaxe en n